

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO **TOMÁS TERRÓN MENDAÑA**.
SOBRADELO DE VALDEORRAS.
OURENSE.

Adenda da programación didáctica

4º ESO

Lingua galega e literatura

Seguindo o establecido na ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización.

2. Avaliación e cualificación.

2.1 Metodoloxía e actividades para o período final do terceiro trimestre.

2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).

3. Información e difusión.

1. Introducción e contextualización:

A Orde do 27 de decembro de 2022 fixo que tiveramos que adaptar as programacións didácticas da etapa da ESO aos cambios que dela derivan.

A normativa establece que o alumnado da ESO ten dereito a tres avaliacións parciais e a unha avaliación final. Polo tanto os departamentos teñen que organizar as distintas *actividades de recuperación* para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia.

Isto realizarase sempre antes da data establecida no centro para a sesión de avaliación parcial e final, que se levarán a cabo nunha mesma e única sesión.

O grupo de 4º da ESO está formado por un total de 6 alumnos e alumnas, dos cales ningún necesita reforzo ou adaptación para superar a materia.

Así, en base a citada Orde da consellería, pasamos a describir como afrontaremos as últimas sesións do curso.

2. Avaliación e cualificación.

2.1 Metodoloxía e actividades previstas para o período final do terceiro trimestre.

O alumnado que teña nalgunha das avaliacións unha nota inferior a 4 deberá realizar un exame para recuperala, tendo que acadar un mínimo de 4,5 para considerarse recuperada. Ao longo da segunda e terceira avaliación poderáselle dar un pequeno dossier de exercicios coa materia que lle resulte máis difícil, co propósito de ter un seguimento e máis información de cara á avaliación final.

O alumnado que teña superadas as dúas primeiras avaliacións continuará co traballo ata o último día de clase, e terase en conta para a nota final.

2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).

O alumnado que precise dun reforzo, terá unha atención, dedicación e material adaptado (de ser preciso), coa finalidade de que poida chegar a alcanzar os obxectivos da materia.

3. Información e difusión.

O alumnado que teña que recuperar a materia ou parte dela recibirá un informe individualizado a principios do mes de Xuño no que se lle especificará o xeito e contido da materia pendente.

Estas modificacións comunicaranse ao alumnado verbalmente. Do mesmo xeito será unha información pública que quedará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.